

# A PESCA DO LOBO

Foise un día a raposa xunto do lobo e díxolle:

—Hoxe levei unha fartura de troitas que comín as que quixen.

—¿E logo como fixo para collelas, comadre?

—Pois atei unha cesta ao rabo e metínme no río dicindo.- "Troitas á cesta e peixes ao rabo" e encheuse tanto que case non podía con ela para sacala.

—Pois esta noite vou eu —dixo o lobo.

Aquela noite caía unha xeadá que metía medo, mais o lobo tiña tantas ganas de troitas que non se arredou polo frío que podía facer e foi onda a raposa para que lle atase a cesta ao rabo.

A raposa, de cando en cando, pillaba unha pedra e botáballe na cesta e el dicía:

—¡Ai, comadre, como pesa!

Afondou a cesta co peso das pedras e a raposa dicíalle ao lobo que non tivese prása, que canto máis tempo estivera no río máis se lle enchía a cesta.

A xeadá apertaba cada vez máis de xeito que, cando o lobo se percatou, encarambelárase o río e quedara preso polo rabo. Entón chamou pola raposa dicíndolle:

—Ai, comadre, vaia buscar uns martelos

para romper os carambelos,

pero vaia por lonxe dos palleiros

que non a sintan os cadelos.

A raposa, en vez de ir por lonxe dos palleiros, ía o máis cerca deles que podía. O lobo, ao ver por onde ía, berroulle desesperado:

—¡Por lonxe dos palleiros, señora comadre! ¡Por lonxe dos palleiros!

E a raposa respondíalle:

—¿Que vaia por onde os palleiros? ¡Xa vou! ¡Xa vou!

E fixo de maneira que alborotou a todos os cans do lugar, que se botaron detrás dela. E a condenada, en lugar de ir por lonxe de onde estaba o lobo, colleu dereito a el.

Cando o lobo viu que ía cara a el aquel trupelo de cans, berroulle á raposa:

—¡Por alá! ¡Por alá con esa xentiña!

E a raposa respondíalle:

—¿Que vaia axiña? ¡Xa vou! ¡Xa vou!

E foi pasando mesmo rentes do lobo. Os cans botáronse todos a el, de maneira que se viu tan apertado que se puxo a tirar con toda a forza ata que se deu soltado, mais quedoulle arrincado o rabo. E despois, o lobo ía fuxindo por unha costa arriba, vertendo sangue pola ferida en tanto que a raposa lle berraba-.

—¿Quen será aquel guilindeiro

que vai por aquel lombeiro

cichando sangue polo traseiro?